A Ruta das palabras

Fundación e Casa Museo "Rosalía de Castro"

Padrón, é unha vila que conta cunha longa e histórica tradición literaria, sendo berce dos escritores: Macías "O Namorado", trobador medieval (s. XIII–XIV), Juan Rodríguez de la Cámara ou do Padrón (1390–1450), Rosalía de Castro (1837–1885), Nicasio Pajares Ogeros (1881–1956) Manuel Vázquez Castro. "Manuel Barros" (1844–1888) e Camilo José Cela (1916–2002).

01. Iniciamos o roteiro no paseo do Espolón (s. XIX) á beira do Sar, presidido polas estatuas da poetisa Rosalía de Castro (inaugurada o 23/04/1957, obra do escultor Jose María Mateos) e a de Camilo José Cela (1/04/2003, obra do escultor Ramón Conde).
02. Achegámonos á Praza de Camilo José Cela, inaugurada o 5/5/1947, que serve de antesala á Praza de Macías, antigamente do Fiado, inaugurada o 16/07/1920, coa estatua do trobador medieval Macías "O Namorado", natural de Sande na parroquia de Carcacía (obra de Ramón Conde 24/07/2001).
03. Na rúa do novelista medieval Juan Rodríguez de Padrón, fronte a capela da Orde Franciscana, atopamos unha placa que lembra a morada de nena da poetisa Rosalía de Castro nun inmoble do lugar.
04. Atravesamos pola Rúa do Sol, para adentrarnos na Rúa Rosalía de Castro que o concello dedicou á poetisa o 8 de xuño de 1911.
05. Cruzamos a estrada N-550 e achegámonos ao Xardín Botánico (histórico–artístico) da Vila, vinculado ao Xacobeo, a Macías O Namorado e a Rosalía de Castro.

Na entrada á dereita o busto do inmortal Alfonso Daniel Rodríguez Castelao (14/04/1998) doado polo pobo de Rianxo á Vila de Padrón. Seguindo o carreiro central, á sombra dunha secuoia, a estatua do trobador Macías (obra de Alfonso Sanmartín Abelleira, 1962), fronte a secuoia onde se di que escribía Rosalía, ao seu carón, o busto do mestre local Ernesto Gende (1983).
Dende o xardín continuamos camiño ata o lugar da Matanza, ao atravesar o paso a nivel con barreiras, xiramos á esquerda, dirixíndonos á Casa Museo de Rosalía de Castro, Monumento Histórico Artístico dende o 7 de outubro de 1946. Recibiuse en doazón o 24 de xullo de 1949. Restaurouse en 1971 e converteuse en Casa Museo en 1972. Nas súas dependencias faise un completo percorrido pola existencia e a obra da Cantora do Sar.

Deseño: Sinsis Xabier • Impimen: La Bakoa (Santiago)

Concello de Padrón
Concellería de Cultura e Turismo

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Turismo

Ayuntamiento de Padrón: Rúa Longa, 27 • 15.900 Padrón (A Coruña)
Teléfono: 981 810 451 / 981 810 400 • www.concellodepadron.org

rutas D PADRÓN

O Camiño Literario

Igrexa de Iria Flavia.

08

07

Fundación Camilo José Cela. En Iria Flavia.

A Fundación Camilo José Cela, constituída no 1986. Inaugurada polas S.A.R os Reis de España o 11/07/1991. Na sé das antigas casas dos cóengos irienses. As dependencias da Fundación, albergan toda a obra do Premio Nobel de Literatura, así como numerosas e importantísimas obras de arte: Picasso, Miró, Dalí etc.

01

Camilo José Cela.
Estátua no Paseo do Espolón

Lugar de Iria Flavia. Masión romana da vía XIX (s.I). Sé Episcopal do século V ata o 1095. Colexiata ata 1895. Na actualidade Parroquia Maior.

Embaixo do campo da festa, atópase soterrado o xacemento romano de Iria Flavia a escasa profundidade. Iniciámos a visita pola Tumba do Premio Nobel de Literatura (1989) Camilo José Cela (1916-2002), entrando no cemiterio de Adina debaixo dunha oliveira. Ao fondo pegado á tapia do cemiterio, a lápida de Rosalía de Castro que estivo soterrada dende 1885-1891, antes de ser trasladada a Santiago.
En Adina, ao que con tanta emoción cantara Rosalía, contemplamos dous fermosos cruceiros e os sartegos medievais antropomorfomos da época sueva, que apareceron nas sucesivas escavacións. Paga a pena entrar na Igrexa de Iria, admirar o altar maior de estilo "churrigueresco" e a súa Virxe en xisto, a capela do Bispo de Quito (s. XVII) e a capela de Belén.



01 Paseo do Espolón
02 Praza de Macías
03 Praza de Ramón Toxo
04 Xardín Botánico
05 Casa Museo Rosalía de Castro
06 Estación do ferrocarril
07 Fundación Camilo José Cela
08 Cemiterio de Adina Iria Flavia

Ruta **Literaria**

04

Macías o Namorado.
Estátua no Xardín Botánico de Padrón.

04

Ernesto Gende.
Busto no Xardín Botánico de Padrón.

04

Castelao.
Busto no Xardín Botánico de Padrón.

02

Praza de Macías.

08

Lápida de Rosalía de Castro. Adina (Iria).

03

Placa na casa na que viviu Rosalía de Castro en Padrón.

06

Estación do ferrocarril fronte a Fundación e Casa Museo de Rosalía de Castro.